

**Convenio colectivo do sector de axencias marítimas e aduaneiras, empresas estibadoras portuarias e comisionistas de tránsito
(Ano 2004-2005)¹**

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Ámbito funcional e territorial.

Este convenio regula as relacións laborais entre as empresas consignatarias de buques, axencias de aduanas, empresas estibadoras portuarias e comisionistas en tránsito, establecidas na provincia da Coruña, ou que desenvolvan as súas actividades nelas e os seus traballadores.

Este convenio afectará a todos os centros de traballo que, comprendidos no seu ámbito funcional, se atopen situados na provincia da Coruña.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Quedan comprendidos dentro do ámbito do convenio todos os traballadores que presten os seus servizos por conta dalgunha das empresas comprendidas nos ámbitos funcional e territorial, calquera que sexa a categoría profesional que desempeñen. Así mesmo, quedarán incluídos aqueles que, sen pertenceren ao cadro de persoal das empresas en cuestión no momento de aprobarse este convenio, comecen a prestar os seus servizos nelas durante a vixencia deste.

Artigo 3º.-Ámbito temporal e denuncia do convenio.

Este convenio colectivo entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2004, finalizando o seu período de vixencia o 31 de decembro de 2005.

Entenderase prorrogado anualmente se o 31 de decembro de 2005 calquera das partes signatarias del non o denunciase con polo menos un mes de antelación á data do seu vencemento. A parte que promova a negociación deberá notificar a denuncia por escrito á outra parte de conformidade co Estatuto dos traballadores.

Co fin de evitar baleiro normativo, denunciado o convenio e ata que non se logre acordo expreso, perderán vixencia as súas cláusulas obrigacionais, manténdose as normativas ata o asinamento do convenio que o substitúa.

Artigo 4º.-Garantía ad personam.

Respectaranse as situacións persoais que en concepto de calquera clase e no seu conxunto sexan máis beneficiosas cás fixadas neste convenio colectivo, entendéndose estrictamente ad personam. En todo o demais, as condicións desfrutadas polos traballadores entenderanse unificadas polas normas deste convenio.

Artigo 5º.-Absorción e compensación.

Tendo en conta a natureza do convenio, as disposicións legais futuras que impliquen variación económica en todos ou algúns dos conceptos retributivos existentes ou por creación doutros novos, unicamente terán eficacia práctica se, globalmente considerados e sumados aos vixentes con anterioridade ao convenio, superan o nivel total deste. En caso contrario, considéranse absorbidos polas melloras pactadas neste convenio.

Artigo 6º.-Comisión paritaria.

A comisión paritaria será un órgano de interpretación, conciliación, arbitraje e vixilancia do convenio.

As súas funcións específicas serán as seguintes:

¹ Publicado no DOG núm. 49, do 11 de marzo de 2005.

1. Interpretación auténtica do convenio.
 2. Arbitrase dos problemas ou cuestións que lle sexan sometidos por ambas as partes, de común acordo, en asuntos derivados deste convenio.
 3. Conciliación facultativa nos problemas colectivos con independencia das atribucións que por norma legal lles poidan corresponder aos organismos pertinentes.
 4. Vixilancia e cumprimento do pactado.
 5. Cantas outras cuestións tendan á maior eficacia práctica do convenio.
- Os acordos ou resolucións adoptados polos votos favorables da maioría de cada unha das representacións integrantes da comisión, terán carácter vinculante.

De non obterse decisión vinculante, seguiranse as vías legalmente previstas para a resolución das cuestións presentadas.

A comisión estará formada por 6 vogais, 3 pola parte empresarial e 3 pola parte social, que serán designados polas respectivas representacións actuantes no convenio.

Poderán nomearse asesores por cada representación, os cales terán dereito a voz, pero non a voto nas reunións da comisión.

A comisión reunirse por instancia das partes, pódose de acordo sobre o lugar e hora na que deberá realizarse a reunión.

En ningún caso poderá reunirse a comisión antes do transcurso do prazo de tres meses desde a anterior, agás no suposto de circunstancias extraordinarias debidamente xustificadas e apreciadas de común acordo.

Esta comisión paritaria estará formada polas persoas que se mencionan a seguir:

Parte empresarial:

- Gonzalo Antón Miranda.
- Antonio Puey Galván.
- Francisco Santiáñez Orero.

Parte social:

- José Manuel Rey Pazos.
- Julián Enrique Nieto Díaz.
- Jesús París Cacheiro.

Artigo 7º.-Ultra actividade do convenio.

As disposicións deste convenio permanecerán integramente inalterables durante todo o tempo que para a súa vixencia se establece no artigo 3º, sen que en ningún caso resulten afectadas por outras contidas en acordos e convenios de ámbito superior que se asinen durante a súa vixencia.

Capítulo II

Organización do traballo

Artigo 8º.-Organización do traballo.

A organización práctica do traballo é facultade exclusiva da dirección da empresa, de conformidade coa Lei do Estatuto dos traballadores e demais normas vixentes sobre esta materia, e deberá exercela dentro do marco legal correspondente.

Artigo 9º.-Clasificación do persoal segundo a súa función. Normas xerais.

1. Categorías enunciativas.

As categorías consignadas neste convenio non supoñen obriga de ter provistos todos os cargos enumerados, se a necesidade e o volume da empresa non o require.

2. Poderes.

As empresas poderán conceder e revogar libremente poderes ao persoal que estime oportuno e, sempre que non implique apoderamento xeral, aquela circunstancia non variará a clasificación que polas súas funcións lle corresponda e sen prexuízo da maior retribución que, polo outorgamento de poderes, se lle conceda.

* Grupos profesionais.

Grupo 1. Servizos administrativos.

a) Titulado.

b) Administrativo.

Grupo 2. Servizos varios.

-Servizos administrativos.

Titulado: integrado por aqueles aos que para figuraren no cadro de persoal se lles exixa título universitario de grao superior ou medio, expedido polo Estado, sempre e cando realicen dentro da empresa funcións específicas da súa carreira ou título e sexan retribuídos de maneira exclusiva ou preferente, mediante soldo ou tanto alzado, sen suxeición, por conseguinte, á escala de honorarios usual na profesión.

Administrativo: comprendidos nela cantos, posuíndo coñecementos suficientes de mecánica administrativa, técnicos, contables e aduaneiros, realicen en oficinas xerais ou centrais, delegacións, representacións ou outros centros dependentes da empresa, así como a bordo dos buques e instalacións de organismos oficiais ou outros calquera, aqueles traballos recoñecidos polo costume ou hábito mercantís, ben sexan relacionados coa actividade marítima ou non, como persoal de oficinas e despachos.

-Servizos varios.

Intégraos aquel persoal que realiza funcións de acondicionamento, manipulación e conservación de máquinas ou material mecánico, así como manipulación de guindastres, pas cargadoras, carretas elevadoras e outros elementos autopulsados, almacenaxe e conservación de mercadorías e calquera outra actividade que unicamente requira achega de esforzo físico e de atención sen exixencia de práctica operativa.

Os manipulantes de pas cargadoras, guindastres e condutores de camión, serán oficiais de primeira se executan toda clase de reparacións que non exixan elementos de taller; nos demais casos, serán como mínimo, oficiais.

* Categorías profesionais.

-Grupo 1. Servizos técnicos e administrativos.

Titulados:

Titulados de grao superior.

Titulados de grao medio.

Administrativos:

Xefe de sección.

Xefe de negociado.

Asimilado a xefe de negociado.

Oficial.

Auxiliar.

Telefonista.

-Grupo 2. Servizos varios.

Encargado de sección.

Encargado de almacén/almaceneiro.

Oficial de primeira.

Oficial de segunda.

Manipulante.

Conductor de camión.

Conductor de turismo.

Mozo de almacén.

Peón.

Artigo 10º.-Xornada laboral.

A xornada laboral será de 40 horas semanais, de luns a venres, para todos os traballadores.

As partes comprométense a seguir negociando para implantar unha xornada laboral máis flexible.

Xornada de verán: o persoal de servizos administrativos terá unha xornada continuada de 7 horas diarias desde o 15 de xuño ao 15 de setembro, ambos inclusive.

Artigo 11º.-Vacacións.

Os empregados, calquera que sexa o grupo ou categoría á que pertencen, teñen dereito a unhas vacacións anuais dunha duración de 30 días naturais para todo o persoal que leve un ano na empresa.

As empresas establecerán para cada centro de traballadores ou dependencia o cadro de vacacións do persoal afecto a ela, coidando de que os servizos queden atendidos e procurando acceder aos desexos daquel.

O cadro de vacacións será elaborado pola dirección da empresa cos representantes legais dos traballadores, e exporase no taboleiro de anuncios de cada centro de traballo para coñecemento do conxunto dos traballadores.

Para as incompatibilidades aplicarase o establecido no artigo 38 do Estatuto dos traballadores. Nas oficinas cunha organización por seccións e se a extensión do seu cadro de persoal o permite, farase un cadro por sección sen prexuízo da coordinación que debe establecerse entre todos, para o problema xeral da oficina.

A duración das vacacións para o persoal que leve ao servizo da empresa menos dun ano estará en proporción ao tempo de servizo; a fracción de mes considerarase como un mes completo.

Cando o traballador desfrute das vacacións partidas, a súa duración será de 21 días laborables.

Artigo 12º.-Ascensos.

Co obxecto de lles dar a suficiente mobilidade ás escalas, os auxiliares administrativos con 5 anos de servizos efectivos na empresa como empregados administrativos, ascenderán automaticamente a oficiais, coa obriga de seguir desempeñando as mesmas funcións mentres non existan vacantes na súa nova categoría.

Os oficiais administrativos pasarán a xefe de negociado aos 10 anos de servizo na mesma categoría, de acordo cos cadros de persoal establecidos para cada empresa; de non haber vacante, manteranse na mesma categoría, percibindo, como compensación, o

75% das diferenzas entre as categorías de oficial e de xefe de negociado.

Este artigo só será aplicable aos traballadores que se atoparan en activo na empresa o día 31 de decembro de 1990.

Artigo 13º.-Festa patronal.

Establécese o día da Virxe do Carme, 16 de xullo, como festa patronal con carácter retribuído e non recuperable.

Os días 24 e 31 de decembro, na súa xornada de tarde, establécense con carácter non laborable, non recuperable e retribuído.

Artigo 14º.-Xubilación.

Ao xubilarse un traballador con 20 anos de servizo na empresa, sempre que o faga ao cumprir a idade regulamentaria, 65 anos, percibirá como gratificación o importe de 12 mensualidades consistentes no salario base máis complemento persoal.

Establécese que as empresas e os traballadores afectados por este convenio poderán, durante a súa vixencia, acollerse á xubilación anticipada aos 64 anos, de acordo co establecido no Real decreto lei 1194/1985, do 17 de xullo.

Artigo 15º.-Contratación temporal.

-Contrato de formación.

Poderanse subscribir contratos de formación para todas as categorías profesionais, mesmo para os mozos de almacén.

A aqueles traballadores menores de 21 anos e maiores de 16 anos que sexan contratados baixo esta modalidade, aínda cando superen a idade de 21 anos, poderánselles prorrogar os ditos contratos ata o tempo máximo de tres anos.

-Contrato en prácticas.

De conformidade co disposto no Real decreto 448/1998, por este convenio sectorial determínase que os contratos en prácticas poderán ter unha duración máxima, desde o seu inicio, de 2 anos. O contrato concertado por tempo inferior ao máximo pode ser prorrogado unha ou dúas veces, por períodos non inferiores a 6 meses, ata acadar o dito límite máximo.

Os supostos de suspensión do contrato non comportan ampliación do seu prazo de duración, agás pacto en contra.

-Contrato eventual por circunstancias da produción.

En atención ás especiais características do sector, que implica frecuentes e irregulares períodos nos que se acumulan as tarefas, as empresas poderán concertar contratos eventuais por circunstancias da produción, ao abeiro do establecido polo Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratación, nun período non superior a 18 meses cunha duración máxima de 12 meses.

Cando se concerten estes contratos por un prazo inferior ao máximo establecido, poderán prorrogarse por acordo das partes, unha vez, sen que en ningún

caso, o tempo acumulado, incluído o das prórrogas, poida exceder o referido prazo máximo de 12 meses.

Naqueles casos en que o contrato se concertara por un prazo inferior ao máximo establecido, e se ao seu termo non existise denuncia previa de ningunha das dúas partes nin existira acordo expreso da prórroga, pero se continuara realizando a prestación laboral, entenderase prorrogado tacitamente por outro período igual, e así sucesivamente ata que o tempo acumulado sexa de 12 meses.

Entenderase para todos os efectos previstos neste precepto que concorren as circunstancias previstas no artigo 15.1º b) do Estatuto dos traballadores, coa simple remisión deste artigo deste convenio colectivo, realizada no contrato de traballo.

Capítulo III

Melloras sociais

Artigo 16º.-Incapacidade laboral.

No caso de enfermidade, os salarios que o traballador percibirá serán do cento por cento da retribución íntegra correspondente á súa categoría e complementos que lle correspondan, cobrando a diferenza existente entre a prestación que reciba do INSS pola dita enfermidade, tendo a facultade a empresa de revisar e facer recoñecer ao traballador por médicos ao seu servizo.

Artigo 17º.-Compensación en caso de accidente.

En caso de accidente de traballo con incapacidade temporal, a empresa coidará de que se lle aboe o complemento necesario ao salario asegurable para que, xuntamente coa prestación económica da entidade aseguradora, o traballador perciba o total da súa retribución desde o primeiro día de ocorrido o accidente, inclusive.

Capítulo IV

Réxime económico

Artigo 18º.-Salario base.

Considerarase salario base o que figura no anexo I deste convenio, para o ano 2004 e o anexo II para o ano 2005.

Artigo 18º bis.-Aumento salarial.

As partes acordan un aumento salarial para o ano 2004 do 4% en todos os conceptos salariais do convenio, con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2004. para o ano 2005 o aumento será do 3,5% sobre todos os conceptos salariais do convenio de 2004.

Se ao final do ano 2005 o IPC real, sinalado polo Instituto Nacional de Estatística superase a dita porcentaxe, o exceso aplicarase aos conceptos salariais do convenio de 2005, con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2005. No caso de non superar o 3,5% esta suba será definitiva.

Artigo 19º.-Complemento persoal.

O complemento persoal establecerase por tramos. O importe de cada tramo é o establecido no anexo I para o ano 2004 e no anexo II para o ano 2005.

Establécese un máximo de 12 tramos. Cada tramo comprenderá tres anos de antigüidade na empresa. O complemento persoal incrementarase como mínimo e á vez na mesma porcentaxe que aumente o salario.

Este artigo só será aplicable aos traballadores que se atopasen en activo na empresa o 31 de decembro de 1999. O persoal de novo ingreso a partir daquela data non xerará nin percibirá ningunha cantidade por este complemento persoal.

Artigo 20º.-Complemento de transporte.

Establécese para compensar os gastos de desprazamento do persoal aos centros de traballo, un complemento de 97,99 A mensuais para o ano 2004 e de 101,42 A mensuais para o ano 2005, descontándose a parte proporcional correspondente por cada día laborable non traballado, sexa cal for a causa.

Artigo 21º.-Premio de idiomas.

A gratificación por este concepto será de 53,21 A mensuais para o ano 2004 e de 55,07 A mensuais para o ano 2005.

Artigo 22º.-Apoderamento.

Os traballadores que realicen funcións de apoderado desfrutarán sobre o soldo que lles corresponda unha gratificación de 53,21 A mensuais para o ano 2004 e de 55,07 A mensuais para o ano 2005.

Artigo 23º.-Quebranto de moeda.

A gratificación por este concepto será de 53,21 A mensuais para o ano 2004 e de 55,07 A mensuais para o ano 2005.

Artigo 24º.-Salario hora profesional.

O salario hora profesional deixa de ter virtualidade para o cómputo do valor da hora extraordinaria ao pactarse a regulación das horas extraordinarias da forma seguinte:

a) Clasificación das horas extraordinarias.

Distinguiranse dous tipos de horas extraordinarias: tipo A e tipo B.

No porto da Coruña serán horas tipo A as realizadas de luns a venres entre as 6.00 e as 22.00 horas e as realizadas os sábados entre as 6.00 e as 14.00 horas.

No porto de Ferrol serán horas tipo A as realizadas de luns a venres entre as 8.00 e as 23.30 horas e as realizadas en sábados entre as 8.00 e as 14.00 horas.

No porto da Coruña serán horas tipo B as realizadas entre as 22.00 e as 6.00 horas, as realizadas os sábados a partir das 14.00 horas e as realizadas en domingos e festivos.

No porto de Ferrol serán horas tipo B as realizadas entre as 23.30 horas e as 8.00 horas, as realizadas os sábados a partir das 14.00 horas e as realizadas en domingos e festivos.

b) Valor das horas extraordinarias.

O valor das horas extraordinarias tipo A e tipo B será o que figura na táboa dos anexos I e II deste convenio colectivo.

Artigo 25º.-Gratificacións extraordinarias.

O persoal afectado por este convenio percibirá catro pagas extraordinarias, dunha mensuralidade cada unha delas, que se calcularán con base no salario base e complemento persoal, e faranse efectivas na primeira quincena dos meses de marzo, xullo, outubro e decembro.

Por acordo entre traballador e empresario, poderanse ratear as pagas extraordinarias ao longo do ano.

Capítulo V

Outras condicións de traballo

Artigo 26º.-Roupa de traballo e material de seguridade e protección persoal.

As empresas estibadoras, consignatarias, etc., facilitarán aos seus traballadores os medios e tipos de protección persoal adecuados aos traballos que realicen. En todo caso, cando o tipo de traballo o requira, dous equipos de traballo ao ano, e un anorak e dúas toallas cada dous anos.

Malia o anterior, cando a data de ingreso na empresa non coincida con eses meses, entregárase un ao comezo e outro ao cabo de 6 meses se o traballador continuara prestando os seus servizos na empresa. Así mesmo, entregaranse luvas, gafas, cascacos, botas, etc. e demais elementos de protección persoal, que serán substituídos polas empresas, sempre que se entreguen as usadas ou deterioradas e se comprobe que o desgaste ou rotura non é imputable ao traballador.

Capítulo VI

Seguridade e hixiene

Artigo 27º.-Seguridade e hixiene.

Todas as empresas afectadas por este convenio cumprirán a normativa legal de seguridade e hixiene no traballo (Orde ministerial do 9-3-1971 e na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais) e nas demais disposicións que lle sexan de aplicación, atendendo especialmente á prevención de riscos laborais.

Artigo 28º.-Indemnización por incapacidade absoluta ou morte en accidente de traballo.

As empresas concertarán pólizas para asegurar os riscos de incapacidade absoluta ou morte de cada un dos seus traballadores por accidente de traballo, entendendo este de acordo coa lexislación laboral, como o ocorrido con ocasión ou por consecuencia do traballo que se realiza por conta allea (incluído o denominado accidente in itinere nas empresas afectadas por el), que permitan a aquelas ou aos seus descendentes causar o dereito ás seguintes indemnizacións: 24.040,48 A de por incapacidade absoluta e 21.035,42 A por morte.

Esta compensación será compatible coa pensión ou indemnización que poida percibir o traballador ou os seus descendentes legais do sistema da Seguridade Social.

As indemnizacións pagadas con cargo a esta póliza de seguro de accidente terán a consideración de pagamentos á conta das que poidan fixar no seu día os

xulgados ou tribunais por sentenza firme, e que sexan por conta das empresas.

Artigo 29º.-Revisión médica.

Todos os traballadores, con independencia da súa categoría profesional, serán sometidos a recoñecementos médicos de periodicidade anual, que consistirán nunha exploración completa e calquera outra que considere necesaria o facultativo médico, ou sexa conveniente en razón do posto de traballo que desempeñe o traballador.

Remitiráselles aos interesados o correspondente informe.

En todos os centros de traballo existirán caixas de urxencias con todo o necesario.

Capítulo VII

Formación profesional

Artigo 30º.-Formación profesional.

Os traballadores afectados por este convenio teñen o dereito a unha adecuada formación profesional, que se oriente prioritariamente a:

- a) Facilitar a inserción profesional.
- b) Perfeccionar os coñecementos, para facilitar a promoción interna e favorecer a mellora da produtividade na empresa e no conxunto do sector.
- c) Promocionar a creación de novos empregos e a súa adaptación á innovación tecnolóxica.

Para tal fin, as empresas establecerán anualmente un calendario de cursos de formación para a consecución dos obxectivos sinalados no parágrafo anterior.

Capítulo VIII

Garantías sindicais

Artigo 31º.-Igualdade de oportunidades.

As empresas afectadas por este convenio comprométense a non discriminar ningún posto de traballo, por razón de idade, sexo, relixión ou ideoloxía política.

Artigo 32º.-Garantías dos traballadores.

Ningún traballador que estea representando os traballadores, delegados de persoal, comité de empresa, membros da comisión paritaria, traballadores designados pola empresa para a prevención de riscos laborais e outra representatividade encomendada, pode ser despedido durante o prazo de dous anos con posterioridade a este, agás falta susceptible de despedimento suficientemente probada e logo da incoación de expediente.

Os delegados de persoal, así como os membros da comisión paritaria, disporán do tempo libre necesario dentro do horario laboral para asistir a cantas reunións e asembleas se consideren necesarias, marcándose un máximo segundo o establecido no Estatuto dos traballadores, aboados pola empresa.

ANEXO I

Táboas salariais (ano 2004)

Salario base	Cómp. anual	Hora extra tipo A	Hora extra tipo B	Tramo compl. persoal	Salario base
Titulado superior	1.155,49	19.565,75	11,79	18,37	51,72
Titulado medio	1.018,75	17.377,92	11,35	16,35	45,21
Xefe de sección	1.155,49	19.565,75	11,79	18,37	51,72
Xefe de negociado	1.018,75	17.377,92	11,35	16,35	45,21
Asimilado xefe de negociado	992,63	16.959,92	11,02	16,35	43,96
Oficial administrativo	914,23	15.705,60	10,10	16,35	40,24
Auxiliar administrativo	737,70	12.881,13	7,99	11,30	31,83
Telefonista	709,69	12.432,85	7,65	10,82	30,49

Encargado de sección	811,98	14.069,56	8,89	16,43	35,36
Encargado de almacén	787,59	13.679,35	8,89	16,43	34,21
Oficial de 1ª	787,59	13.679,35	8,89	16,43	34,21
Oficial de 2ª	757,08	13.191,13	8,22	11,63	32,76
Manipulante	757,08	13.191,13	8,89	16,43	32,76
Conductor de camión	757,08	13.191,13	8,22	11,63	32,76
Conductor de turismo	757,08	13.191,13	8,22	11,63	32,76
Mozo de almacén	732,06	12.790,77	7,92	11,20	31,56
Peón	732,06	12.790,77	7,92	11,20	31,56

Transporte	97,99
Poder	53,21
Quebrantamento	53,21
Idiomas	53,21

ANEXO II

Táboas salariais (ano 2005)

	Salario base	Cómp. anual	Hora extra tipo A	Hora extra tipo B	Tramo compl. persoal
Titulado superior	1.195,93	20.250,55	12,21	19,01	53,53
Titulado medio	1.054,41	17.986,15	11,74	16,92	46,79
Xefe de sección	1.195,93	20.250,55	12,21	19,01	53,53
Xefe de negociado	1.054,41	17.986,15	11,74	16,92	46,79

Asimilado xefe de negociado	1.027,37	17.553,52	11,41	16,92	45,50
Oficial administrativo	946,23	16.255,30	10,45	16,92	41,65
Auxilar administrativo	763,52	13.331,97	8,27	11,70	32,95
Telefonista	734,52	12.868,00	7,92	11,19	31,56
Encargado de sección	840,40	14.561,99	9,20	17,01	36,60
Encargado de almacén	815,16	14.158,13	9,20	17,01	35,40
Oficial de 1ª	815,16	14.158,13	9,20	17,01	35,40
Oficial de 2ª	783,58	13.652,82	8,50	12,03	33,91
Manipulante	783,58	13.652,82	9,20	17,01	33,91
Conductor de camión	783,58	13.652,82	8,50	12,03	33,91

Conductor de turismo	783,58	13.652,82	8,50	12,03	33,91
Mozo de almacén	757,68	13.238,45	8,20	11,59	32,67
Peón	757,68	13.238,45	8,20	11,59	32,67
Transporte	101,42				
Poder	55,07				
Quebrantamiento	55,07				
Idiomas	55,07				